

Manifesto 4 de febreiro contra o cancro laboral

CCOO

sindicato nacional
de comisións obreiras
de Galicia

Os datos¹ invisibles do cancro laboral

-  1. O cancro é a primeira causa da mortalidade laboral na UE e suma máis mortes de persoas menores de 65 anos ca calquera outra enfermidade.
-  2. O Marco estratéxico europeo en materia de seguridade e saúde no traballo 2021-27 sinala que o 52 % das mortes relacionadas cotraballo en Europa se producen por cancro.
-  3. Estímase que os axentes canceríxenos son a orixe dunhas 100 000 mortes cada ano en Europa.
-  4. A exposición ao amianto cóbrase unhas 88 000 vidas en Europa e representa entre o 55 % e o 85 % dos casos de cancro de pulmón desenvolvidos no traballo.
-  5. En España, os tipos de cancro responsables dunha maior mortalidade son o de pulmón e o colorrectal. Estímanse 130 000 falecementos antes de 2050 por exposición a amianto.
-  6. En España, só se recoñecen oficialmente o 0,1 % de cancros profesionais de todos os atendidos.

¹ Fontes: INSST, SEOM, SEPAR.

Manifesto 4 de febreiro contra o cancro laboral

CCOO

sindicato nacional
de comisións obreiras
de Galicia

As nosas reivindicacións por exposición a canceríxenos

-  1. O cancro laboral debe ser un obxectivo prioritario nas axendas políticas. Desde CCOO do Hábitat reclamamos o desenvolvemento dun **planestratéxico nacional contra o cancro laboral**.
-  2. Demandamos a **exposición cero** a axentes canceríxenos no traballo. Nestas situacións, non hai un nivel de exposición seguro (ou valor límite) por baixo do que non exista risco para a saúde.
-  3. Solicitamos unha maior **vixilancia do cumprimento do Real decreto 665/1997, do 12 de maio**, priorizando a substitución de canceríxenos no traballo, cando non se poidan eliminar.
-  4. Pedimos o desenvolvemento de **protocolos de vixilancia sanitaria específicos** e actuais para os canceríxenos con perspectiva de xénero, necesarios para unha identificación do cancro e unha pronta actuación preventiva.
-  5. Reivindicamos unha **vixilancia postocupacional** dos traballadorese as traballadoras expostos a canceríxenos análoga á do amianto, cunha asistencia sanitaria integral.
-  6. Esiximos o **recoñecemento de EP** a todas aquelas causadas por exposición a canceríxenos no traballo e **actualizar a listaxe de EEPP**. É vital ter un rexistro que se corresponda coa realidade.

Manifesto 4 de febreiro contra o cancro laboral

The logo of CCOO (Comisión Obrera de Galicia) is displayed in white text on a red rectangular background.

sindicato nacional
de comisións obreiras
de galicia



As nosas reivindicacións por exposición a determinados canceríxenos

-  1. Avogamos por erradicar o **amianto** e actualizar a súa normativa (RD 396/2006, 31 de marzo, RD 853/2021, do 5 de outubro) co fin de protexer as traballadoras e traballadores que realizan traballos de reformas e rehabilitación.
-  3. Demandamos incluír o **formaldehido** no grupo 6 da listaxe de EEPP do RD 1299/2006 (EEPP causadas por axentes carcinógenos), cualificado como canceríxeno¹ e utilizado como adhesivo no sector da madeira.
-  2. Solicitamos prohibir o uso do **propiconazol** como fungicida no sector da madeira e clasificado porque «se sospeita que provoca cancro» (H351), segundo a súa ficha de datos de seguridade.
-  4. Reclamamos prohibir o uso do **glifosato** como herbicida en actividades como silvicultura ou xardinería, cualificado como probable canceríxeno 2A (IARC).

¹ O formaldehido clasifícase como canceríxeno de categoría 3 segundo a UE, de categoría 2 segundo o Regulamento 1272/2008 e de categoría 1 segundo a IARC.